



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela – 26 e 27 de outubro de 2018

PROGRAMA



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018



IV SEMINARIO INTERNACIONAL RESCLIMA

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática

26 e 27 de outubro de 2018
Santiago de Compostela


A Educación para o Cambio climático no sistema educativo



Proxecto EDU2015-63572P financiado por:



Unión Europea
Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
"Una maneira de facer Europa"



Proxecto EDU2015-63572-P financiado por:



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y COMPETITIVIDAD



Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
"Una maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

PRESENTACIÓN

O cambio climático (CC) é o gran reto do século XXI. Para eludir os peores escenarios que prognostica a ciencia é preciso adoptar cambios profundos nas nosas sociedades. Urxe tomar conciencia da vulnerabilidade humana diante desta ameaza, así como aceptar a maior responsabilidade das sociedades que máis teñen contribuído ás emisións de Gases de Efecto Invernadero (GEI), que contrasta coa menor capacidade das sociedades infra-desenvolvidas para responder aos efectos dun clima fora de control.

A resposta efectiva á alteración antrópica do clima é, ademais, urxente. As alarmas prendidas pola comunidade científica advirten que temos escaso tempo para reaccionar. En poucos anos haberá que emprender unha gran transformación social, económica e enerxética para evitar o colapso da civilización tal e como a coñecemos.

Nesta encrucillada sorprende a lentitude coa que avanza as políticas climáticas. O CC ocupa un lugar marxinal na area pública e dista moito de ser un tema prioritario para os tomadores de decisións ou para a poboación en xeral. O CC valórase como unha ameaza difusa, aprazada no tempo e afastada no espazo. O obxectivo fundamental dos programas educativos e de comunicación na próxima década debe ser converter o CC nun problema relevante e significativo.

O **Proxecto Resclima** (www.resclima.info) e a REAJA naceron como un aporte a esta tarefa. No **IV Seminario Internacional Resclima** e no **2º Encontro da REAJA** poñemos a mirada sobre o papel dos sistemas educativos, outorgando atención preferente á inclusión do CC no curriculum e na praxe educativa da educación secundaria. Neste nivel, os e as adolescentes teñen a primeira oportunidade de conectar formalmente coas ciencias do clima coa madurez necesaria para aprehender na súa complexidade os retos do CC e os cambios necesarios para transitar cara un mundo sostible e xusto.

Entendemos que una resposta ao CC que sexa eficaz e urxente dende o sistema educativo require aplicar un “curriculum de emerxencia climática” que converta esta ameaza nun compoñente central do quefacer pedagóxico en todos os niveis educativos e, principalmente, na educación secundaria.

O evento celebrarase os días **26 e 27 de outubro de 2018**, en Santiago de Compostela, articulándose arredor dos seguintes eixos de reflexión:

- Representacións sociais do cambio climático no alumnado e o profesorado de educación primaria, secundaria e universitaria.
- A Educación para o cambio climático no sistema educativo universitario e non universitario.
- Comunicación do cambio climático e cidadanía.
- A educación nas políticas de cambio climático.
- Educación para o cambio climático e xustiza ambiental.



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

PROGRAMA PROVISIONAL

VENRES 26 DE OUTUBRO

Sesión	Hora	Actividade
Mañá	8:00-9:00	Recepción e acreditacións
	9:00-9:30	Inauguración e presentación do seminario
	09:30-10:30	Conferencia inaugural. <i>O Cambio Climático (CC) como reto para o sistema educativo</i>
	10:30-11:30	Sesión de comunicacións orais breves (<i>speech flash</i>)
	11:30-12:00	Café con exposición dos pósteres
	12:00-13:45	Panel 1. <i>Educación para o CC no ensino secundario</i>
XANTAR		
Tarde	16:00-17:00	Conferencia plenaria: <i>Formación do profesorado</i>
	17:00-18:00	Sesión de comunicacións orais breves (<i>speech flash</i>)
	18:00-18:30	Café con exposición dos pósteres
	18:30-20:15	Panel 2. <i>Temáticas transversais e boas prácticas</i>
	20:30-21.30	Estrea do documental <i>The Climate Puppets</i>

SÁBADO 27 DE OUTUBRO

Sesión	Hora	Actividade
Mañá	9:00-10:00	Conferencia plenaria: <i>Saúde, CC e Educación</i>
	10:00-11:00	Mesa <i>A Educación nas Políticas de CC</i>
	11:00-11:45	Sesión de comunicacións orais breves (<i>speech flash</i>)
	11:45-12:15	Café con exposición dos pósteres
	12:15-13:45	Panel 3. <i>Educación e xustiza climática</i>
XANTAR		
Tarde	16:00-16:45	Presentación de resultados do <i>Proxecto Resclima</i>
	16:45-18:30	Dinámica-Café: <i>Escenarios de futuro de investigación e acción en Educación para o CC e xustiza ambiental</i>
	18:30-19:30	Conferencia de clausura. <i>A Educación como clave social para reducir a vulnerabilidade diante do CC</i>
	19:30-20:00	Acto de clausura



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

Actividades complementarias

Exposición *A outra loita contra o cambio climático: ADAPTACIÓN*

Lugar do evento.

Auditorio de Galicia

Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña

<https://goo.gl/maps/DV41zaoH5iE2>

Organiza

Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA)

Universidade de Santiago de Compostela

Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Colaboran

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia

Concello de Santiago de Compostela

Associação Portuguesa de Educação Ambiental (ASPEA)



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



GOBIERNO DE ESPAÑA



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"

UNIÓN EUROPEA



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

Comité Organizador

Dirección

Pablo Ángel Meira Cartea (USC)

Secretaría

Lucía Iglesias da Cunha (USC)

Vocais

Alejandro Pérez Díez (USC)

Antonio García Vinuesa (USC)

Germán Vargas Callejas (USC)

Kylyan Marc Bisquert (USC)

M. Carmen Morán de Castro (USC)

María Barba Núñez (USC)

Miguel Pardellas Santiago (USC)

Mónica Arto Blanco (USC)

Comité Científico

Adolfo Agúndez Rodríguez (Université du Québec à Montréal-UQAM, Canadá)

Antonella Bachiorti (Università degli Studi di Parma, Italia)

Araceli Serantes Pazos (Universidade da Coruña)

Carlos Vales Vázquez (Centro de Educación Ambiental e Extensión Universitaria de Galicia)

Conceição Colaço (Universidade de Lisboa, Portugal)

Cristina Teixeira (Universidade Federal do Paraná, Brasil)

Edgar González Gaudiano (Universidad Veracruzana, México)

Francisco Heras Hernández (Oficina Española de Cambio Climático, España)

Francisco Soñora Luna (Universidade de Santiago de Compostela, España)

Gloria Elena Cruz Sánchez (Universidad Veracruzana, México)

Irineu Tamayo (Universidade de Brasilia, Brasil)

Jacqueline Carrilho (Universidade Federal do Rio Grande, Brasil)

Joaquim Pinto (Associação Portuguesa de Educação Ambiental, Portugal)

José Antonio Caride Gómez (Universidade de Santiago de Compostela, España)

José Gutiérrez Pérez (Universidad de Granada, España)

José Manuel Gutiérrez Bastida (Inguruguela, España)

Laura Bello Benavides (Universidad Veracruzana, México)

Lucie Sauvé (Université du Québec à Montréal- UQAM, Canadá)

Marcos Sorrentino (Universidade de Sao Paulo, Brasil)

María Sintés Zamanillo (Centro Nacional de Educación Ambiental, España)

Marilia Andrade Torales (Universidade Federal do Paraná, Brasil)

Mario Oliveira (Instituto Politécnico de Leiria, Portugal)

Marli Rodrigues (Universidade Federal Fluminense, Brasil)

Michelle Sato (Universidade Federal do Mato Grosso, Brasil)

Sara Carvalho (Universidade de Aveiro, Portugal)

Teresa Pozo Llorente (Universidad de Granada, España)

Ulisses Azeiteiro (Universidade de Aveiro, Portugal)



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

Cotas e datas de inscrición:

Para inscribirse no **IV Seminario Internacional Resclima** / **2º Encontro da REAJA**, siga os seguintes pasos:

1) Complete por favor o formulario dispoñible en:

Dropbox:

www.dropbox.com/s/qb2y3hn24do24w3/Formulario%20inscripcion_GALEGO.docx?dl=1

2) Abone a cota de inscrición mediante **transferencia bancaria** ao seguinte número de conta:

IBAN: ES40-0049-2584-9022-1400-2210

Código SWIFT: BSCHEM33

Banco Santander Central Hispano. Titular: Universidade de Santiago de Compostela (CIF: Q1518001A)

Concepto: **IV Seminario Resclima + (nome e apelidos da persoa a inscribir)**

3) Envíe a seguinte documentación (en formato PDF) ao enderezo de correo electrónico seminario@resclima.info

- Cota xeral: formulario de inscrición completado e comprobante da transferencia bancaria.
- Cota reducida: formulario de inscrición completado, comprobante da transferencia bancaria e documento que xustifique o seu estatus de estudante ou persoa desempregada.

A participación non estará garantida ata que se reciba o pago completo da cota.

	Anticipada (antes do 30 de xuño)	Ordinaria (ata o 1 de outubro)
Cota reducida (estudantes e persoas desempregadas*)	50 €	60 €
Cota xeral	90 €	120 €

**Os e as estudantes que queiran beneficiarse de la cota reducida deberán xuntar co resguardo do pago da inscrición un documento en PDF que probe seu status de estudante (p. ex. unha carta do director de tese, resguardo de matrícula de grao ou pos-grao, etc.). As persoas desempregadas deberán xuntar un documento en PDF que demostre dita condición.*



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

Presentación de comunicacións e pósteres

Poderanse presentar comunicacións e pósteres relacionadas cos eixes descritos na presentación. Poderán estar escritas en castelán, galego, inglés ou portugués. O número máximo de comunicacións ou pósteres por cada autor/a será de 2.

Formato de resúmenes

Para participar enviarase un resumo de entre **150 e 300 palabras** ata o **15 de marzo de 2018**. O resumo axustarase á plantilla que se pode descargar en:

Dropbox:

https://www.dropbox.com/s/kfc9o81jeuwr5fp/Ficha%20comunicaci%C3%B3n%20poster_GALEGO.docx?dl=1

Comunicacións e pósteres

Unha vez comunicada a aceptación da comunicación ou póster, enviarase o texto completo de acordo coas seguintes normas.

Formato comunicacións:

Terán unha extensión de entre 3000 e 5000 palabras, axustándose a unha plantilla de formato de texto completo que estará dispoñible no seu momento.

Formato pósteres:

Tamaño 90x120, formato vertical. O envío definitivo farase en formato electrónico (.JPG). A impresión para a súa exposición aportarase en papel. A organización facilitará o soporte adecuado para a súa exposición.

A versión estendida de comunicacións e pósteres será remitida ao correo-e seminario@resclima.info ata o **1 de xuño de 2018**.

Os textos e pósteres recibidos serán sometidos a un proceso de revisión cega por pares no que se valorarán os seguintes aspectos: aportación orixinal e inédita, adecuación á temática do seminario, relevancia e interese do tema, rigor teórico e/ou empírico, claridade de obxectivos e metodoloxía, relevancia e coherencia de resultados e conclusións.

A comunicación da valoración do texto ou póster para a realización, se procede, de cambios no mesmo realizarase denantes do **22 de xuño de 2018**. O texto definitivo revisado remitirá ao correo seminario@resclima.info ata o **9 de xullo de 2018**.

Para que a proposta de comunicación apareza no programa, o autor o autora de contacto deberá concretar a súa inscrición denantes do **30 de xuño de 2018**, data de finalización da tarifa reducida.

Todas as persoas que asinan a comunicación poderán obter un certificado de presentación, sempre que estean inscritas no evento.



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



IV Seminario Internacional Resclima: A Educación para o Cambio Climático no Sistema Educativo

2º Encontro da Rede Internacional de Pesquisadores em Educação Ambiental e Justiça Climática (REAJA)

Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2018

Co envío e aceptación das comunicacións e pósteres as autoras e os autores outorgan a súa conformidade para a posterior publicación. O Libro de Actas do IV Seminario será editado polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela en formato on-line co correspondente ISBN.

Presentación das comunicacións no Seminario

Procederáse á agrupación temática das comunicacións para a súa exposición. Serán presentadas oralmente por un dos/as seus/súas autores/as, nun tempo máximo de 5 minutos (modalidade *speech flash*), sen apoio audiovisual.

Presentación de los pósteres no Seminario

Os autores e autoras contactarán coa secretaria do Seminario no horario de recepción e acreditación (9:00 a 9:30 horas), onde recibirán indicacións para a súa exposición no espazo habilitado. Procederáse á agrupación espacial dos pósteres para a súa situación espacial e destinarase un horario específico para a atención ás persoas participantes interesadas.

Premio ao mellor póster

Unha comisión composta por dous membros do comité organizador e dous do comité científico, valorarán no transcurso do evento o conxunto de pósteres presentados, apreciando fundamentalmente a calidade do contido e a súa capacidade de comunicación e de síntese. O póster premiado recibirá no Acto de Clausura do Seminario un certificado de recoñecemento e reembolsarase a inscrición ao autor ou autora principal.

DATAS CHAVE	
15 de marzo de 2018	Data límite para o envío de resumos
30 de marzo de 2018	Resposta de aceptación
1 de xuño de 2018	Data límite para remitir o texto extenso provisional de comunicacións e pósteres
30 de xuño de 2018	Data límite de inscrición para participantes que presenten comunicación
30 de xuño de 2018	Data límite para a inscrición anticipada con prezo reducido
9 de xullo de 2018	Data límite para remitir o texto definitivo de comunicacións e pósteres
1 de outubro de 2018	Data límite para a inscrición no Seminario

Para calquera consulta: seminario@resclima.info

Para máis información: www.resclima.info/seminario



Proyecto EDU2015-63572-P financiado por:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"